22876	CLUB ESMOQUIN ESCAIRÓN	FESTIVAL DE MUSICA NA RUA	516	SAVIÑA,O
22906	ASOCIACION NUMISMÁTICA VAL DE ARIZ	LUGO NUMISMÁTICO 2016: XORNADAS	685	LÁNCARA
22917	ASOCIACION MULLERES RURAIS SANTA ISABEL	UNICO CURSO DE MANUALIDADES E MACRAMÉ	380	OUTEIRO DE REI
22932	ASOC PRESTOXOVE (ASOCIACION PARA A PROMOCION DOS ESTUDOS A TRAVES DA ORQUESTRA DE XOVE	XXVI CURSO DE SEMANA SANTA MUSICAL DE XOVE	697	XOVE
22997	ASOCIACION CULTURAL O CASTAÑAZO	CASTAÑAZO INFANTIL: OBRADOIROS E ACTIVIDADES INFANTÍS	678	CHANTADA
22998	ANPA ABELLA DO CEIP CASAS (EN CONST)	I SEMANA DA CULTURA ANPA	504	LUGO
23071	ASOCIACION DOS XOGOS TRADICIONAIS DE MUIMENTA XOTRAMU	FESTA DE XOGOS TRADICIONAIS 2016	678	COSPEITO
23081	ASOC AMIGOS DA GAITA GALEGA	OBRADOIRO DE BAILE TRADICIONAL	362	RIBADEO
23114	ASOC CULTURAL DE GAITEIROS OS VALUROS	XXI FESTIVAL DE MUSICA TRADICIONAL OS VALUROS	658	CASTRO DE REI
23115	ASOC. RECREATIVA E PARA A COOPERACION CULTURAL OS ASADORES	VIAXE CULTURAL	385	BURELA
23116	ASOC OS SENDEIROS, DE FOZ	ENCANTRO SENDEIROS RIO OURO E PRAIAS DE FOZ	612	FOZ
23117	CENTRO DE ANIMACION E DESARROLLO RURAL STO TOME DE MERLAN	FEIRA DAS CABRAS DE MERLAN	697	CHANTADA
23118	ASOC DE VECINOS CULTURAL Y DEPORTIVA DE LOS VILLARES (GUITIRIZ)	XXVI ROMERIA LABREGA DA CHAIRA	612	GUITIRIZ
23119	ASOC CULTURAL ORFEON JUAN MONTES DE LUGO	EXECUCION DE CANTO DA CORAL	535	LUGO
23120	VIRXE DO CARMEN SOAMEDE OLEIROS	CELEBRACION DO ENTROIDO 2016	496	VILALBA
23122	ASOC DE MUJERES RURALES SAN SALVADOR	VIAXE CULTURAL AO GROVE	651	NEGUEIRA DE MUÑIZ
23137	ASOC.CULTURAL IRMANDADE SARRIA GUERLEDAN	ACTUACIONES MUSICAIS DO GRUPO GARABELO NA FEST NOZ DE SAINT GUILLES VIEAUX MARCHÉ	678	SARRIA
23138	ASOC CULTURAL MIL COLORES SC	CAMPAMENTO CREATIVO	574	LUGO

23139	ASOCIACION LEÑA VERDE DE POL	XXII FESTIVAL DE LEÑA VERDE	736	POL
23140	ASOCIACION OS AVENTADOS	CARPINTERIA DE RIVEIRA	589	CERVO
23141	ASOC."SEMINARIO DE ESTUDOS TERRA DE VIVEIRO"	EXPOSICIÓN A MULLER MARIÑEIRA	516	VIVEIRO
23142	ASOC DE VECINOS DE RIVASALTAS	VIAXE CULTURAL	554	MONFORTE
23144	ASOCIACION CULTURAL O CAXIGO	XUNTANZA DE SAN XUAN BARTOLOMEU	554	FONSAGRADA, A
23146	INSTITUTO DE ESTUDOS ULLOANS	REVISTA CULTURAL DO INSTITUTO DE ESTUDOS ULLOANS	678	MONTERROSO
23147	ASOC. CULTURAL ROTEIROS POL	ENCONTRO CULTURAL 2016	722	POL
23148	ASOCIACION VECINAL CULTURAL DEPORTIVA SAN ISIDRO A PIRINGALLA	VIAXE CULTURAL	404	LUGO
23151	AAVV COMERCIANTES E INDUSTRIAIS DISTRITO MILAGROSA	EXPOSICION DE 30 ANOS DA ASOCIACION DA MILAGROSA	477	LUGO
23153	INSTITUCION GALEGA DE CIENCIA	CARTEL DO DIA DA CIENCIA EN GALEGO	542	LUGO
23157	ASOCIACION SANTA MARIÑA DE SEQUEIROS	CELEBRANDO A DESPEDIDA DE VERAN: MÚSICA TRADICIONAL, CANTOS E CONTOS	612	QUIROGA
23158	A MARRONDA ASOC.DE MULLERES RURAIS DE BALEIRA	CURSO DE LABORES E OFICIOS TRADICIONAIS	574	BALEIRA
23161	ASOC CULTURAL OS XOGRARES DE LEMOS	IMPRESIÓN DO CD "CANTARES DE GRACIA"	535	MONFORTE
23162	AAVV CELA PONTE DE NEIRA	VIAXE CULTURAL	554	CORGO,O
23164	AA VV DE BENADE - CALBRAVA	XOVES DE COMADRES 2016	300	LUGO
23168	A AMIGOS DA MALLA DE MEIRA	XXV EDICION FESTA DA MALLA DE MEIRA	762	MEIRA
23184	ASOC OS MALUGREIROS	VIAXE CULTURAL	574	BARALLA
23185	APA CEIP VIRXE DO MONTE	VIAXE CULTURAL	581	COSPEITO
23186	ASOC.CULT. COHORS LVCENSIVM PRAETORIA	OBRADOIRO DUNHA RECONSTRUCCION DUNHA DOMUS DA EPOCA ROMANA. ARDE LUCUS	601	LUGO
23190	ASOC. DE RECREACION HISTORICA E CULTURAL CLAN BREGAN	ARDE LUCUS MMXVI	601	LUGO
23198	ASOC. SENIOR TELEFONICA LUGO	VIAXE AO XII CONGRESO DE ASOCIACION DE BENIDORD E CONVENCION LUDICA NACIONAL GMT	554	LUGO
23200	RAIOLAS-LUGO	ESPECTACULO DE CONTOS E TEATRO PARA NENOS E XOVENES CON TRANSTORNO DO ESPECTRO DO AUTISMO	608	LUGO
23205	ASOC CULTURAL ESCOLA DE BAILE E GAITAS O CASTRO	OBRADOIROS CREATIVOS NO CASTRO DE PANTON EN 3 DIAS	620	PANTON
23247	SOCIEDADE CULTURAL AIRIÑOS DO XUNCO	MERCADO TRADICIONAL COA QUEIMADA POPULAR	705	CERVO
23256	AA VV CASTRO DE CUIÑAS	V FESTA DO ACORDEON E XVIII ROMARIA POPULAR DE SAN XOAN DEGOLLADO	689	FONSAGRADA, A
23258	ASOC. CULTURAL TANGO CLUB GALICIA	7º ENCONTRO INTERNACIONAL DE TANGO- TABGO LIBER	608	LUGO
23260	ASOC. ENTROPIA FOLK	IV ENCONTRO DE GAITEIROS E CANTOS DE TABERNA	658	MONTERROSO
23262	ASOCIACION VECIÑAL A PENA COSPEITO	TALLER DE TEATRO	581	COSPEITO
23264	A C R H CAETRA LUCENSIVM	OBRADOIROS DE ARDE LUCUS	601	LUGO

23266	ASOCIACION DE MULLERES SAN BARTOLOMEU DE INSUA	VIII TASCA DO LIÑO	628	VILALBA
23271	ASOC. CULTURAL ESMORGAT	ESMORGA FEST 2016	581	SARRIA
23276	ASOC. XUVENIL, CULTURAL E AMBIENTAL BURACA DAS GRELLAS	ENTRE AS ESTRELAS: CURSO DE OBSERVACIÓN ASTRONÓMICA	685	FOLGOSO DO CAUREL
23282	FUNDACIÓN UXIO NOVONEYRA	II FESTIVAL DOS EIDOS	782	FOLGOSO DO CAUREL
23295	ASOC. COFRADÍA DO VIÑO DE QUIROGA	COÑECE O VIÑO DA COMARCA DE QUIROGA IV: ELABORACION DE AUGARDENTE, LICORES, CREMAS, SIDRAS E CERVEXAS ARTESANAIS	612	QUIROGA
23300	CENTRO CULTURAL PENAS DE RODAS DE OUTEIRO DE REI	VIAXE CULTURAL	554	OUTEIRO DE REI
23301	ASOC.DE VECIÑOS NÓSOS POBOS DE DOADE	EDICION DO Nº14 DA REVISTA "O MIRADOR"	557	SOBER
23302	ASOC MUJERES RURALES "AGARIMO" DE SANTABALLA	EXPOSICIÓN DE FOTOGRAFIA	628	VILALBA
23303	ASOC FOLCLÓRICA E CULTURAL A SUBELA	FESTIVAL FOLCLORICO ANUAL AIRES DO MASMA XVII EDICION	658	FOZ
23304	APA Y EXALUMNOS DE EGB DEL COL. NAL. MIXTO COMARCAL DE FOZ PADRE FEIJOO	FESTA FIN DE CURSO	631	FOZ
23305	ASOCIACION DE VECIÑOS, CULTURAL, Y DEPORTIVA REMEITE DE SAN CLODIO	TARDES DE TEATRO NO INVERNO 2016	647	RIBAS DE SIL
23308	CENTRO DE ANIMACION RURAL REMANSIÑO DO SIL-SAN CLODIO	FESTA DA INFANCIA 2016	728	RIBAS DE SIL
23310	ASOC DE XUBILADOS E PENSIONISTAS DE RABADE	VIAXE CULTURAL	475	RÁBADE
23313	ASOC CULTURAL IRMANDADE AUGAS SANTAS	V FESTIVAL HISTORICO AUGAS SANTAS	705	BARREIROS
23314	FUNDACION IMPULSO O DEPORTE CULTURA E TURISMO DA MARIÑA	FESTIVAL AUDIOVISUAL DA MARIÑA IMAXINA 2016	589	BURELA
23315	APA DEL COLEGIO PUBLICO DE ALBEIROS	VIAXE CULTURAL A CERAMICA DE GUNDIVOS E CAÑOS DO SIL	581	LUGO
23318	A C AMIGOS DA PANDEIRETA	V XORNADAS DO TRAXE TRADICIONAL	589	MONFORTE
23324	ASOCIACION CULTURAL OS GORRIOS	VI FESTIVAL DE SAN MARTIÑO CANIBAL	620	SARRIA
23327	ASOCIACIÓN OS D EIQUI	FESTIVAL FOLCLORICO	658	TABOADA
23328	CLUB CULTURAL VALLE INCLAN	VIAXE CULTURAL	504	LUGO
23330	FEDERACION AMAS DE CASA E CONSUMIDORES AVANTAR	VIAXE CULTURAL	535	LUGO
23334	ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE AMAS DE CASA E CONSUMIDORES LUCUS DE LUGO	VIAXE CULTURAL	535	LUGO
23337	FUNDACION O NOSO LAR	EDITAR- PUBLICAR UN LIBRO CON MOTIVO DO 25 ANOS DA FUNDACION	593	SAMOS
23340	ASOCIACION CULTURAL LEGUA DEREITA	XIII FESTIVAL FOLK O CORGO	705	CORGO,O
23374	SOCIEDADE ARTISITICA E CULTURAL ORFEON LUCENSE	CANTANDO AO NADAL: ACTUACIÓNS MUSICAIS EN LUGO, VILALBA, PORTOMARÍN E OUTROS	593	LUGO
23375	ASOC DE VECINOS DE LA PARROQUIA DE ROSENDE	EXCURSION AS DONAS DE CORRUBEDO E RIBEIRA	631	SOBER
23377	CENTRO COMERCIAL CASCO HISTORICO DE VIVEIRO	VISITAS GUIADAS INTRAMUROS	685	VIVEIRO

23381	ASOCIACION DE NAIS E PAIS DA EEI DE SARRIA	VIAXE AO MUSEO DE BRAÑAS DE VALGA E A AULA DA NATUREZA, MAIS VISITA A CASA GRANDE DE SANCEDA	535	SARRIA
23384	CAPACES LUGO	PROXECTO DE CINE INCLUSIVO: GASTOS DE XESTIÓN E DE VISIONADO	333	LUGO
23386	ASOCIACION SOCIOCULTURAL BOCA DO MONTE	XORNADA CASTAÑEIRA	647	QUIROGA
23390	ASOCIACION CULTURAL SOUTO DO VAL	AMPLIACION EXPOSICION UNHA ROMAXE SINGULAR	658	QUIROGA
23391	ASOC. DE SENDEIRISMO PASO MIUDO O VALADOURO	REALIZACION RUTA PR-G 155 E VISITA AO MUSEO MENEU MARIA	300	VALADOURO, O
23396	ASOCIACION DE NAIS E PAIS E ALUMNOS DO COLEXIO PUBLICO RICARDO GASSET DO INCIO	ACTIVIDADES CULTURAIS 2016: EXCURSIÓN E OBRADOIRO	678	INCIO,O
23403	CLUB DE LECTORES ROSALIA DA BIBLIOTECA	CONVIVENCIA EN CAMPAMENTO TEATRAL PARA NENOS E ARREDORES	685	ANTAS DE ULLA
23407	ASOCIACION CULTURAL EME DE MEIRA	CAMPAMENTO INFANTIL LUDICO EDUCATIVO DE VERAN	755	MEIRA
23409	LA UNION DE SARRIA	XCVII EDICIÓN DOS FESTIVAIS DE SAN XOAN E A NOSA IDENTIDADE CULTURAL	601	SARRIA
23413	ASOCIAC. CULTURAL CANTIGAS E FRORES	XXXIV CURSO DE CULTURA TRADICIONAL GALEGA	685	LUGO
23414	SOCIEDADE MICOLOXICA LUCUS	VIAXE CULTURAL AO PARQUE NATURAL DAS ILLAS	612	LUGO
23415	ASOC. DE VECIÑOS AS CARBALLEIRAS DE BOSENDE PAREDES	OBRADOIRO DIVULGATIVO DA MUSICA TRADICIONAL	574	LUGO
23416	CENTRO DE BENQUERENCIA INSTRUCCION Y REC	VIAXE CULTURAL	631	BARREIROS
23417	ASOC CULTURAL ECUESTRE PENABOR	VIAXE CULTURAL	504	BARREIROS
23418	ANPA CEIP LUIS PIMENTEL- TRISCOS	VIAXE EN TREN A MONFORTE DE LEMOS E VISITA AO MUSEO	581	LUGO
23419	ASOCIACION CULTURAL E RECREATIVA A PRAVIA	FOLIADA PARA MAGOSTO	380	VILALBA
23423	A.C. ARTES ESCENICAS E AUDIOVISUAIS CURUXAN	CORTO/CORTOMETRAXE CURUXAN	542	LUGO
23426	ASOC.SINDROME DE DOWN	VIAXE CULTURAL	716	LUGO
23432	CENTRO RECREATIVO CULTURAL Y DEPORTIVO DE BAAMONDE	ONDE ESTA O MAGO ANTON? EN BAAMONDE!	628	BEGONTE
23441	ASOCIACION DE VECINOS S PEDRO DE CANGAS DE FOZ	RECUPERACION DA FEIRA TRADICIONAL DO GANDO EN CANGAS -FOZ	497	FOZ
23442	AGRUPACION DEPORTIVA OS CASTROS	FESTIVAL DE MUSICA GALEGA	504	FOZ
23445	AS LUCECÚS RIBEIRAS	CANTOS DE CANTINAS POLO SAVIÑO	475	PANTÓN
23451	ASOCIACION AMIGOS DE MOSTEIRO FERREIRA DE PALLARES	EXPOSICION DE PANEIS COA EVOLUCION ARQUITECTONICA DO MOSTEIRO DE FERREIRA DE PALLARES CON CONCERTO DE MUSICA	475	GUNTÍN
23461	CENTRO CULTURAL RECREATIVO EN VILLALBA	LECTURA CONTINUADA LETRAS GALEGAS	618	VILALBA
23462	ASOCIACION CULTURAL A CHAINZA	XI FESTIVAL DA CHAIRA	762	CASTRO DE REI
23464	ASOCIACION XUVENIL NOV@S CHAIREG@S	FESTIVAL DE MUSICA	620	VILALBA
23465	AA.VV SAN MAMED DE RIBAS DE MIÑO	ROMARIA NOVA	485	LUGO
23466	ASOCIACION VECIÑAL DEPORTIVA E CULTURAL DE ASAMBLEARIAS LUCUS AUGUSTI	ALUGUER DUNHA CARPA PARA EVENTO REPRESENTATIVO DA ASOCIACIÓN	451	LUGO

23468	ANPA DO IES ANXEL FOLE DE LUGO	EXCURSIÓN A ÉZARO	388	LUGO
23469	ASOCIACION VIANDANTES CAMIÑO PRIMITIVO	PEREGRINACIÓN POLO CAMIÑO PRIMITIVO DESDE GRADAS A SANTIAGO	300	OUTEIRO DE REI
23471	APA DE COLEGIO MARISTA LA INMACULADA LUGO	FESTA FAMILIA MARISTAS LUGO 2016	554	LUGO
23472	ASOCIACION PROMOCION SOCIAL DOS FERREIROS DE RIOTORTO	X FEIRA DE ARTESANÍA DO FERRO DE RIOTORTO	762	RIOTORTO
23473	APA COLEGIO PUBLICO OTERO PEDRAYO DE RABADE	OBRADOIRO DA NATURALEZA EN MARCELLE	697	RÁBADE
23474	A C FESTIVAL TERRA BRAVA	FESTIVAL TERRA BRAVA	736	INCIO,O
23475	ESCOLA DE MUSICA DE ANTAS DE ULLA	CAMPAMENTO MUSICAL ANTAS DE ULLA 2016	647	ANTAS DE ULLA
23476	ASOCIACION CULTURAL FIADEIRA	VIAXE CULTURAL	724	ANTAS DE ULLA
23479	ASOCIACION DE VECINOS DE BURGAS SANTA EULALIA	CELEBRACION DO MAGOSTO	475	XERMADE
23480	ASOC. VECIÑOS SAN ESTEBO	GRUPO MUSICAL PARA O MAGOSTO	475	XERMADE
23481	ASOC XUVENIL OS VACALOURAS DE XERMADE	CELEBRACION DO LUME DE SAN XOAN	380	XERMADE
23483	AGRUPACION CULTURAL ERGUEITOS	VIAXE LITERARIA A LOUZARA	666	SARRIA
23484	ASOC PARA A DEFENSA ECOLOXICA DE GALIZA	V FESTIVAL DE HUMOR "RIR POR NON CHORAR": CARTELERÍA, ALUGUER EQUIPO SON, ETC...	620	LUGO
23486	ASOCIACION CULTURAL OS FALCATRUEIROS DE MONTERROSO	CICLO DE TEATRO	762	MONTERROSO
23487	ASOCIACIÓN PROFESIONAL LYOGLOBAL TEAM	CONCURSO ARDE LUCUS	685	LUGO
23489	ASOCIACION CULTURAL ABRENTE	VIAXE CULTURAL	593	NOGAIS, AS
23491	ASOC MEDIOAMBIENTAL E SOCIOCULTURAL DE VECIÑOS DE SANTIAGO DE REIGOSA	EXCURSION RIBEIRA SACRA	631	PASTORIZA, A
23498	ASOC. VECIÑOS E CULTURAL CASA DA ESCOLA	CELEBRACION DE MAGOSTO POPULAR	311	ANTAS DE ULLA
23519	ASOCIAC. VECIÑOS SANTA EULALIA DE A DEVESA	VIAXE CULTURAL 2016	497	RIBADEO
23520	FEDERACIÓN GALEGA DE VIUVAS	VIAXE CULTURAL	300	LUGO
23522	ASOCIACION DE VIUVAS JULIA MINGUILLON	VIAXE CULTURAL	612	LUGO
23523	ASOC.VECIÑOS O CADAVAL	I HOMENAXE O CARBALLO DE LUXIS	504	CASTRO DE REI
23525	ASOC. CULTURAL MURAL FOLK	FESTIVAL INTERNACIONAL MURAL FOLK	666	LUGO
23526	ASOCIACION DE INMIGRANTES E RETORNADOS RIOPLATENSE	FESTIVAL MURAL FOLK	666	LUGO
23530	A C FUMIÑA	RECUPERACIÓN DE TRADICIONS Á BEIRA DO MIÑO: LIBRO DE RECEITAS TRADICIONAIS E LUME NOVO	601	PASTORIZA, A
23531	ASOCIACION DE VECIÑOS DE PARAXES	RECUPERACION DA TRADICION DO LUME NOVO	437	PASTORIZA, A
23533	ASOC CULTURAL Y VECINAL DE SAN MARTIN DE CORBELLE	TALLER DE ARTESANIA TRADICIONAL GALLEGA	608	PASTORIZA, A
23536	ASOCIACION CULTURAL CASTIÑEIRO MILENARIO	V EDICIÓN DO FESTIVAL 27373 (MÚSICA EN GALEGO)	755	BEGONTE
23537	O PARZAMIQUE	SON D´ALDEA: FESTA ETNOGRÁFICA, MUSICAL E TEATRAL	678	PALAS DE REI

23554	ASOCIACION JUVENIL ENTRE LUSCO E FUSCO	CONCERTO QUEMPALLOU	497	VILALBA
23569	ASOC OS CARREIRIÑOS	TARDE DE MONOLOGO EN GALEGO "MANOLO LOJO"	543	BALEIRA
23573	HIPOCRITA TEATRO	3º ENCONTRO INTERDISCIPLINAR DE ARTES ESCENICAS	570	LUGO
23581	ASOC.C. E RECREATIVA CARBALLO VIVO	IV XORNADAS DE INTERPRETACION E DINAMIZACION DO MEDIO RURAL	639	FRIOL
23582	ASOC CULTURAL AIRIÑOS DO NEIRA	FESTA DO RIO	685	BARALLA
23583	ASOC.MULLERES RURAIS A XUNTANZA DE CASTRO DE REI	CURSO DE MANUALIDADES E RESTAURACION	574	CASTRO DE REI
23584	ASOC CENTRO DE INTERPRETACION AVIFAUNA	EXPOSICION DIVUGATIVA SOBRE O MUNDO DAS AVES E AS SUAS PECULIARIDADES	504	LUGO
23586	ASOCIACION DE PERSONAS SORDAS DE LUGO	INICIACION O CURTOMETRAXE DE FICCIÓNS	608	LUGO
23587	ASOC VECINOS DE ERNES	FESTIVAL DE CIRCO PARA CRIANZAS E ADULTOS	678	NEGUEIRA DE MUÑIZ
23588	ASOCIACION CULTURAL ANTARUXAS E SORTEIROS DA FONSAGRADA	XIX MOSTRA FOLCLORICA	589	FONSAGRADA, A
23589	ASOC.DE VECINOS CULT.DEPORT.OS PUCHOS	CONVOCATORIA DOS PUCHOS A UNHA XUNTANZA CULTURAL	551	ABADÍN
23602	ANPA DEL COLEGIO DE LA MILAGROSA DE LUGO	EVENTOS CULTURAI: FESTIVAL LETRAS GALEGAS E ENCONTRO DAS FAMILIAS	426	LUGO
23603	ASOC. CULTURAL CULTURA DO PAIS	VII EDICIÓN DO FESTIVAL DE NOSO: XORNADAS DE MÚSICA GALEGA	620	LUGO
23604	BUGALLO ASOCIACION XUVENIL	OBRADOIROS	380	LUGO
23607	ASOC DE MUSICA CREATIVA.	V SEMINARIO INTERNACIONAL DE JAZZ E MUSICA MEDIEVAL	570	LUGO
23608	ASOC CULTURAL XAQUEDRUM	CUARDENILLO : MEIGALLOS DE XADREZ	570	LUGO
23610	ASOC MULLERES RURAIS OLVIDO	EXCURSION CULTURAL PROVINCIAL POLA PROVINCIA	651	POL
23618	ANPA CEIP CASTROVERDE	MAGOSTO	612	CASTROVERDE
23621	A.C. A CHAVE DAS NOCES	FESTIVAL ANIVERSARIO	554	CASTROVERDE
23647	ASOCIACION CULTURAL HORTICELOS	XIII ROMERIA TRADICIONAL DO SAN XIL	747	BÓVEDA
23648	ASOCIACION DE MAGOS AFECCIONADOS DA MARIÑA	1º MES DE MAXIA NA MARIÑA	589	BURELA
23650	ASOC BENEFICO CULTURAL HIJOS DE SAN MIGUEL Y REINANTE	EXCURSION A CIDADE DA CULTURA DE SANTIAGO E Ó MUSEO INTERACTIVO DE LUGO (NUN DIA)	612	BARREIROS
23651	AA VV SAN JUAN DE ALAMEDA	VIAXE CULTURAL	397	CHANTADA
23653	ASC CULTURAL RUXE RUXE	CONFECCION DE TRAXES E COMPLEMENTOS PARA COMPARSAS ADICADAS AO ENTROIDO	439	FOZ
23654	ASOCIACION DESEMBARCO NORMANDO	FESTA NORMANDA	685	FOZ
23657	ASOC CULTURAL NOIS	III ENCONTROS DE MUSICA "XESUS BAL Y GAY"	647	FOZ
23658	ASOC. VECIÑAL SECULO XXI DE LAMAIGLESIA	CLASES DE DANZA REXIONAL E DE BAILES DE SALÓN	506	POBRA DE BROLLÓN
23661	ASOC. MUNDO GALEA	PUBLICACIÓN DO LIBRO - NARRATIVA CRONOLOXICA DO MUNDO GALEA	628	ALFOZ
23662	ASOCIACION AMIGOS DA MALLA DE VILAPENA	MALLA DA VILAPENA XII EDICION	736	TRABADA

23718	ASOC BAGOAS DA TERRA	MOSTRA FOLCLORICA INTERNACIONAL DE VIVEIRO	743	VIVEIRO
23723	APA DEL COLEGIO PUBLICO ROSALIA DE CASTRO DE MOSTEIRO-POL	VIAXE CULTURAL	460	POL
23726	APA COLEGIO PUBLICO DE CERVO	IRIÑA BAILARINA: REPRESENTACIÓN DE ACTIVIDADE TEATRAL	620	CERVO
23791	ASOCIACION VECIÑOS SAN XULIAN DE CORDIDO	ENCONTRO DE TEATRO AFICCIONADO COERDIDO 2016	628	FOZ
23793	ASOCIACION CORO PARROQUIAL DE CANGAS DE FOZ	ENCONTRO PANXOLIÑAS DE CANGAS	689	FOZ
23799	ASOC. CORO OS CASTROS DE CANGAS	V ENCONTRO DE COROS RURAIS CANGAS 2016	612	FOZ
23805	CORO PARROQUIAL VIRXEN PEREGRINA	ENCONTRO RURAIS PEREGRINA 2016	651	FOZ
23809	ASOCIACION CULTURAL E TEATRAL O BATAN	MONTAXE DE TEATRO CON MUSICA EN DIRECTO	608	FOZ
23811	APA OUTEIRO DO CEIP POBRA DE BROLLON	FESTA CON MUSICA TRADICIONAL E CONTACONTOS	716	POBRA DE BROLLÓN
23815	ASOCIACION CULTURAL O PASATEMPO	ACTUACION DE MUSICA TRADICIONAL GALEGA	670	MONDOÑEDO
23818	ASOC. AGROGAYS DA ULLOA	III FESTIVAL AGROGAY DA ULLOA	516	PALAS DE REI
23822	AA.VV AJUILAOUCA	VIAXE CULTURAL	477	SARRIA
23824	ASOCIACION QUIROMA	III ORGANIZACION DA FESTA CASTREXO ROMANA QUI-ROMA	658	QUIROGA
23826	A.P.A. DEL COLEGIO PUBLICO DE SAN COSME DE BARREIROS	VISITA CULTURAL A LUGO E SISTENCIA A UN TALLER DE ENTRETENIMENTO	345	BARREIROS
23828	ASOC. AMIGOS DO ROMANICO DA COMARCA DE CHANTADA	ACTO CULTURAL DE IGREXA DE PESQUEIRAS ROMÁNICA	620	CHANTADA
23832	ASOC. EDUCATIVO CULTURAL AIROA COMUNICACION	PINGUEIRA 2016. ENCONTRO TRENDISCIPLINAR DE CO-APRENDIZAXE EN CONTEXTO	628	CHANTADA
23834	AAVV DE SAN JUAN DE CHAVAGA	DIA DO ENTROIDO	485	MONFORTE
23835	AAVV CULTURAL E DEPORTIVA AS FONTES	OBRADOIRO DE MANUALIDADES	477	MONFORTE
23839	ASOC CAMIÑOS A SANTIAGO POLA RIBEIRA SACRA	CELEBRACION I CONCURSO DE FOTOGRAFIA E CURSO CDE FOTOGRAFIA	524	MONFORTE
23841	APA DEL COLEGIO P.P. DOS ESCOLAPIOS DE MONFORTE	OS OFICIOS TRADICIONAIS GALEGOS: OBRADOIROS DE BARRO, CESTARÍA E LÁ	581	MONFORTE
23845	ASOC CULTURAL GAITA ESCOLA	CANTOS DE TABERNA MONDOÑEDO 2016	697	LOURENZÁ
23847	ASOC AS SAN LUCAS	IV EDICION CULTURAL AS SAN LUCAS	678	MONDOÑEDO
23858	ASOCIACION XUVENIL XOLDRA	ACTUACION AGRUOPACION MUSICAL MERCADO MEDIEVAL	314	MONDOÑEDO
23867	ASOCIACION BATITALES	XORNADAS DO CAL	587	MONDOÑEDO
23870	ASOC.CENTRO CULTURAL DEPORTIVO Y RECREATIVO RENFE DE MONFORTE	FESTIVAL PAXOLIÑAS 2016	574	MONFORTE
23872	APA COLEGIO VIRXE DO CARME DE BURELA	VISITA A CASA GRANDE DE XANCEDA	430	BURELA
23876	ASOC. MARIÑA JAZZ	FESTIVAL E OBRADOIRO GALEGO DE PERCUSIÓN, VIBRAFONO E IMPROVISACIÓN	628	BURELA
23877	OBSERVATORIO DA MARIÑA POLA IGUALDADE	CONCERTO DE MUSICAS E LETRAS EN FEMININO	628	FOZ
23910	ASOC.DE AMAS DE CASA STA.ISABEL ILUSION	CURSO DE COCIÑA E XORNADA GASTRONOMICA	651	RIORTORTO

23911	ASC VECIÑAL DE ANDREADE	FESTA POPULAR DE ANDREADE	689	PARADELA
23912	AA.VV. SANTA CRUZ DE BROSOMOS	XORNADA DE XOGOS XENERACIONAIS MISTURACION	428	SOBER
23915	ASOCIACION DE VECIÑOS SAN LAZARO DE MONDOÑEDO	EXPOSICIÓN DE FOOGRAFIA ANTIGA DO BARRIO DE SAN LAZARO	601	MONDOÑEDO
23916	A.C. DA CANDELORIA LUGO	PROGRAMA DE TV DEDICADO AO FESTIVAL A CANDELORIA	589	LUGO
23918	ASOCIACION NAUFRAGOS DO PARADISO	FESTIVAL DO PARADISO	666	MONFORTE
23920	ANPA CEIP DE CERVO Nº1.	RUTA POLAS FONTES DO CONCELLO DE CERVO	631	CERVO
23921	ANPA AMOLOU	ORGANIZACION DUN CERTAME DE CULTURA PARA A ELABOARCION DUN CALENDARIO	586	MONDOÑEDO
23922	ASOCIACION DE NAIS E PAIS E ALUMNOS DA ESCOLA MUNICIPAL DE MUSICA DE MONDOÑEDO	III CERTAME MAMÁ QUERO CANTAR	709	MONDOÑEDO
23925	ASOC DE COMERCIANTES, INDUSTRIALES E AUTONÓMOS DE MONDOÑEDO	MERCADO DAS CARMÍÑAS	678	MONDOÑEDO
23927	CIRCULO RECREATIVO CASINO DE MONDOÑEDO	TALLER DE RESTAURACION DE MOBRES (3 MESES)	451	MONDOÑEDO
23937	CORAL POLIFOCICA DE TABOADA	ENCONTRO DE CORAIS CON MOTIVO DO 25 ANIVERSARIO DA CORAL	601	TABOADA
24030	A.C. SAN XOAN	CELEBRACION DO DIA DO NENO	593	ANTAS DE ULLA
24031	CASINO ATENEO DE MONFORTE DE LEMOS	CATALOGALIZACION, GESTION E PROMOCION DA BIBLIOTECA	497	MONFORTE
24032	ASOC. CULTURAL AMADO LAR DE VALADOURO	FESTA DIA DO SOCIO	570	VALADOURO, O
24034	ASOCIACION MUSICAL E CULTURAL TESMENTEIRA	ASESORAMENTO E PRODUCCIÓN MUSICAL PARA A XIRA DE ZOELAS NO MES DE MAIO	574	ANTAS DE ULLA
24038	ASOCIACION DE MULLERES SANTA MARIA DA TORRE	VII MAGOSTO POPULAR	554	VILALBA
24044	ASOCIACION TALLISTAS DA TERRA CHA	VIAXE CULTURAL	307	VILALBA
24046	ASOCIACION CULTURAL PROA DE VIVEIRO	FEIRA DE ARTESANIA DE VIVEIRO	666	VILALBA
24050	ASOCIACION FEMINISTA DE VILALBA	MESA ABERTA SOBRE O FEMINISMO	543	VILALBA
24052	ASOCIACION VECIÑAL OS MILAGRES SAAVEDRA	MOSTRA TRADICIONAL DE OUTONO	475	BEGONTE
24056	ASOC.CULT.AMIGOS DA LIGA SANTABALLESA	XORNADAS SOBRE MIGRACIÓNS INDIANAS	620	VILALBA
24060	PATRONATO PRO ESCOLA SANTABALLA	XORNADAS CENTENARIO DA ESCOLA HABANEIRA DE SANTABALLA	581	VILALBA
24062	AMURAXE	RUTA DE SENDERISMO	397	XERMADE
24063	ASOCIACION DE PADRES DE ALUMNOS DEL COLEGIO NACIONAL DE PARADAY	VIAXE AO MUSEO DO FERROCARRIL	497	LUGO
24064	AA VV PARROQUIA SANCOVADE	FESTA DO ENTROIDO	574	VILALBA
24084	ASOCIACIÓN DEFENSA DE VARIEDADES AUTOCTONAS E VIÑEDO RIBEIRA DE NAVIA	XORNADA DE EXALTACIÓN DO VIÑEDO DE NEGUEIRA DE MUÑIZ E DO SEU PATRIMONIO MATERIAL E INMATERIAL	678	NEGUEIRA DE MUÑIZ
24099	ASOCIACION CULTURAL SAIÑAS	XII FOLIADA DA MARIÑA	736	XOVE
24101	ASOC COLECTIVO PENSAMENTO E SEMENTEIRA	TERTULIAS DE OUTONO 2016	574	VIVEIRO

24102	FUNDACION AMIGOS DE GALICIA	PROMOCIÓN DA LINGUA E CULTURA GALEGAS: PREMIO DE POESÍA "O GRELO", PREMIO DE RELATOS CURTOS E CONTOS, FESTIVAL MUSICAL E OUTROS	724	RÁBADE
24118	ASOCIACION CORAL POLIFONICA ALBORADA DE VIVEIRO	ACTIVIDADES CULTURAS NA VIAXE AS CIDADES DE ÁGUEDA E BRAGA	631	VIVEIRO
24128	EOCLASICA	XI FESTIVAL INTERNACIONAL DE MUSICA CLASICA DE RIBADEO	724	RIBADEO
24269	ASOCIACION AMADORES DA MUSICA	FESTIVAL DE BANDAS	601	RIBADEO
24312	FUNDACION ANADE	1º FESTIVAL DE ARTE INCLUSIVO, FUNDACION ANADE	705	LUGO
24334	ASOC.PADRES DE ALUMNOS CEIP SAN XOAN BECERREA	OBRADOIROS: CICLO EVOLUTIVO E ESTILOS EDUCATIVOS	494	BECERREÁ
24521	AAVV EL FUTURO DE FANOI	FESTIVAL DE VERAN	678	ABADÍN
25016	AMIGOS DEL GALEON DE RIBADEO EL MEJOR CONSERVADO DEL MUNDO	CONFERENCIAS SEMANAS DO GALEON	543	RIBADEO

150.000

DESESTIMADAS

Nº REX	NOME ENTIDADE	C.I.F.	NOME ACTIVIDADE	Definitiva	CONCELLO	MOTIVOS DENEGACIÓN
21997	ASOCIACION CULTURAL DEPORTIVA "AS MINAS"	G27374446	X FESTIVAL AS MINAS	0	PONTENOVA,A	RENUNCIA DO SOLICITANTE
23149	ASOCIACION AA.VV. FONTE DO OURO	G27244995	CURSO DE CONSERVACION DE ALIMENTOS	0	LUGO	DESESTIMADA: NON É ACTIVIDADE CULTURAL SEGUNDO O PUNTO 1 DAS BASES
23187	RAIOLAS-LUGO	G27255991	PUBLICACION DE CARTELERIA E TRIPTICOS DAS ACTIVIDADES DA ASOCIACIÓN	0	LUGO	DESESTIMADA: NON É UNHA ACTIVIDADE EVENTUAL SEGUNDO O PUNTO 1 DAS BASES
23268	ASOCIACION OS CATRO X CATRO	G27413350	RUTA CULTURAL EN TODOTERRENO	0	SARRIA	DESESTIMADA: NON É ACTIVIDADE CULTURAL SEGUNDO O PUNTO 1 DAS BASES
23376	ASOCIACION DE VECIÑOS, CULTURAL E DEPORTIVA SAN VICENTE DA ULLOA	G27110493		0	PALAS DE REI	DESESTIMADA: POR FALTA DE DOCUMENTACIÓN SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES
23392	A.C. DEPORTIVA E VECIÑAL E DE RECREACION HISTORICA LUCUS EQUITES	G27426550	OBRADOIROS PARA VESTIMENTA EN COIRO	0	LUGO	DESESTIMADA: SOLICITAN CANTIDADE INFERIOR AO IMPORTE MÍNIMO ESTABLECIDO NO PUNTO 7 DAS BASES
23404	ASOC CULTURAL CANTAR DELAS	G27363514	CONCERTO EXTRAORDINARIO DE NADAL	0	LUGO	RENUNCIA DO SOLICITANTE
23422	ASOC. DE VECIÑOS AS CARBALLEIRAS DE BOSENDE PAREDES	G27254804	VIAXE CULTURAL	0	LUGO	DESESTIMADA: SOLICITAN OUTRA POLA MESMA FINALIDADE (A Nº 23.415) SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES

23457	CMVCM REAL RAÑADOIRO Y AGUDO	E27106459	XORNADA DE EXALTACIÓN DO 17 DE MAIO E DIA DAS LETRAS GALEGAS	0	FOZ	DESESTIMADA: POR NON SER UNHA ASOCIACIÓN SEN ÁNIMO DE LUCRO SEGUNDO O PUNTO 3 DAS BASES
23477	ASOCIACION CULTURAL FIADEIRA	G27209402	FESTIVAL DE AMIZADE MUSICAL	0	ANTAS DE ULLA	DESESTIMADA: SOLICITAN OUTRA POLA MESMA FINALIDADE (A Nº 23.476) SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES
23535	A. CULTURAL - VECIÑAL A RIGUEIRA	G27474527	RECUPERACION E EXPOSICION PERMANENTE DE FOTOGRAFIA ANTIGA E EVENTOS SOCIAIS, LABORES TRADICIONAIS	0	PASTORIZA, A	DESESTIMADA: NON É UNHA ACTIVIDADE EVENTUAL SENÓN ANUAL, SEGUNDO O PUNTO 1 DAS BASES
23555	MONTE VECIÑAL ACEBREIRO	G27194463	CELEBRACION DO ENTROIDO	0	PASTORIZA, A	DESESTIMADA: POR NON SER UNHA ASOCIACIÓN SEN ÁNIMO DE LUCRO SEGUNDO O PUNTO 3 DAS BASES
23566	ASOC. CULT. SIN XEITO	G27457605	TENTACLKE TECNICA 2016	0	FOZ	DESESTIMADA: POR FALTA DE DOCUMENTACION SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES
23611	ASOC MULLERES RURALS OLVIDO	G27246289	ACTUACION MUSICAL TRADICIONAL	0	POL	DESESTIMADA: SOLICITAN OUTRA POLA MESMA FINALIDADE (A Nº 23.610) SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES
23620	ASOCIACION CHARANGA AMIGOS DA TERRA CHA DE VILALBA	G27245257	GRABACION DE CD EN GALEGO. 25 ANIVERSARIO DA CHARANGA DE VILALBA	0	VILALBA	DESESTIMADA: POR FALTA DE DOCUMENTACION SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES
23720	CLUB VILALBA 4X4	G27389360	IV RUTA TURISTICA VILALBA 4X4 2016	0	VILALBA	DESESTIMADA PORQUE NON É UNHA ASOCIACIÓN DE CARÁCTER CULTURAL SENÓN DEPORTIVA, SEGUNDO O PUNTO 1 DOS SEUS ESTATUTOS E CONSECUEMENTE NON CUMPRE OS PUNTOS 1 E 3 DAS BASES
23730	ASOC CULTURAL Ó!	G27456987	VRAO! SONS INDEPENDENTES	0	FOZ	DESESTIMADA: PRESENTADA FÓRA DE PRAZO 14/09/16
23813	ASOC BARBADELO CULTURAL	G27381763	ACTUACION GRUPO FOLCLÓRICO	0	SARRIA	DESESTIMADA: POR FALTA DE DOCUMENTACION SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES
24028	COLEGIO DE INGENIEROS DE CAMINOS CANALES Y PUERTOS	Q2867009I	XORNADA SOBRE CONSERVACION E EXPLOTACION DE ESTRADAS EN GALICIA	0	LUGO	DESESTIMADA: NON É UNHA ACTIVIDADE CULTURAL SEGUNDO O PUNTO 1 DAS BASES
24029	ASOC. SOCIOCULTURAL PONTE DA SALGUEIRIÑA	G27333962	RECUPERACION E CONSOLIDACIÓN DA ROMERIA DE SAN LUIS	0	CERVO	DESESTIMADA:PRESENTADA FÓRA DE PRAZO 16/09/16
24033	ASOC MULLERES RURALS "COUSAS NOSAS"	G27213891	ACTIVIDADES CULTURALS 2016	0	COSPEITO	DESESTIMADA: NON É UNHA ACTIVIDADE EVENTUAL, SENÓN ANUAL; FALTA DOCUMENTACIÓN. PUNTOS 1 E 8 DAS BASES
24035	ASOCIACION ALTAIR GALIZA	G27439124	CURSO OFICIAL HOMOLOGADO POLA XUNTA DE MONITORES DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE EN BURELA	0	BURELA	DESESTIMADA: POR FALTA DE DOCUMENTACION SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES

24036	ANPA CEIP SAN MIGUEL	G27226257	EXCURSION VALLADOLID-SALAMANCA	0	BARREIROS	DESESTIMADA: PRESENTADA FÓRA DE PRAZO 14/09/16
24040	ASOC. REVOLTA NATURAL	G27427129	CAMPAMENTOS REVOLTOSOS-INMERSION NA CULTURA DO RURAL NA CHAIRA GALEGA	0	COSPEITO	RENUNCIA DO SOLICITANTE
24103	CORAL POLIFÓNICA MUNICIPAL VIRXE DO MONTE DE COSPEITO	V27253590	CONCERTO VILANCICOS	0	COSPEITO	DESESTIMADA: POR FALTA DE DOCUMENTACION SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES
24104	CORAL POLIFÓNICA MUNICIPAL VIRXE DO MONTE DE COSPEITO	V27253590	DESPRAZAMENTO ACTUACION	0	COSPEITO	DESESTIMADA: SOLICITAN DÚAS MAIS POLA MESMA FINALIDADE, A Nº 24.103 E A Nº 24.106, E POR FALTA DE DOCUMENTACIÓN, SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES
24106	CORAL POLIFÓNICA MUNICIPAL VIRXE DO MONTE DE COSPEITO	V27253590	CONCIERTO MUSICA PARA EL MUNDO	0	COSPEITO	DESESTIMADA: SOLICITAN DÚAS MAIS POLA MESMA FINALIDADE (A Nº 24.104 E A Nº 24.103) E POR FALTA DE DOCUMENTACIÓN, SEGUNDO O PUNTO 8 DAS BASES
24107	ASOC "COLECTIVO CULTURAL OLLOMAO"	G27365477	O APALPADOR VISITA A BARREIROS	0	BARREIROS	DESESTIMADA: PRESENTADA FÓRA DE PRAZO 14/09/16

Lugo, 2 de xaneiro de 2017.- O Presidente, Darío Campos Conde.- O Secretario Xeral, Manuel Castiñeira Castiñeira

R. 0004

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

Anuncio

INFORMACION PUBLICA

Polo órgano competente desta Deputación foron tomados en consideración os proxectos das obras:

BECERREA.- DEMOLICION DE EDIFICACION EXISTENTE (ANTIGO FOGAR ESCOLA) (EX022OB16AB)

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de 15 días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto.

Palacio Provincial de Lugo a 27 de Decembro de 2016. O PRESIDENTE, Darío Campos Conde. O SECRETARIO, Manuel Castiñeira Castiñeira.

O PRESIDENTE, P.D. Decreto nº 1357/2016, de data 01-07-2016, O VICEPRESIDENTE, Álvaro Santos Ramos

R. 3982,6

CONCELLOS

CHANTADA

Anuncio

Resolto o recurso de reposición interposto contra o Decreto 285/2016 polo que se aprobaron as bases xerais e específicas e a convocatoria dunha praza de Traballador/a social para o ano 2017..

Por Decreto 313/2016 resolveuse entre outros:

CUARTO.- Modificar as bases xerais e específicas para a provisión dunha praza de traballador/a social para o ano 2017 que se xunta como anexo a esta Resolución (xa modificadas) e aprobar as mesmas no termos que figuran no expediente.

QUINTO.- Publicar o texto íntegro das bases reguladoras das probas selectivas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no Taboleiro de Edictos deste Concello e na páxina web.

SEXTO.- Abrir un novo prazo de 5 días hábiles, contados dende o día seguinte ó da publicación desta convocatoria no BOP de Lugo, para a presentación de solicitudes polos interesados en participar nas probas selectivas.

SEPTIMO.- Considerar como válidas, para os efectos dispostos na base xeral punto 4º (presentación de solicitudes), todas aquelas solicitudes recibidas no Rexistro Xeral do Concello no prazo establecido na convocatoria publicada no BOP de Lugo de 30 de novembro de 2016, salvo renuncia expresa dos aspirantes.

ANEXO I

BASES XERAIS POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE APOIO A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS BÁSICOS MUNICIPAIS. BASES XERAIS E ANEXOS.

-OBJECTO DA CONVOCATORIA.

As presentes bases teñen por obxecto establecer as normas e procedemento xenérico para a selección de persoal laboral temporal no Concello de Chantada.

O persoal seleccionado prestará servizos, de carácter temporal, no Concello de Chantada, sendo o seu cometido levar a cabo as tarefas propias de cada posto ou calquera outra que lle poida encomendar a Alcaldía ou as concellerías delegadas, que garden relación cos postos a desempeñar e que afecten ao funcionamento do servizo público descrito esencial para a cobertura das necesidades prioritarias, urxentes e inaprazables.

As presentes bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, así como no Taboleiro de edictos de Edictos da Casa Consistorial e na páxina web municipal: www.concellodechantada.org

Estas Bases son Xerais, polo cal acudirase a cada convocatoria concreta e específica regulada a través das Bases Específicas.

-NORMAS DE APLICACIÓN.

Serán de aplicación a Lei 7/85, de 2 de abril, Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, o Real Decreto Legislativo 781/86, de 18 de abril, por o que se aproba o Texto refundido das disposicións vixentes en materia de réximen local, o Real Decreto 861/86, de 25 de abril, por o que se regula o réximen de retribucións dos funcionarios da Administración Local, o Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o proceso de selección dos funcionarios da administración local, a Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, en aqueles preceptos que manteñan a súa vixencia, o Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, o Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Lei 2/2015, de 29 de abril de emprego público de Galicia, e a Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas. E de forma supletoria, serán de aplicación o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do estado e provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios da administración xeral do estado, así como demais normativa de aplicación.

-REQUISITOS XERAIS QUE DEBEN CUMPRIR OS ASPIRANTES.

Para ser admitidos nesta convocatoria, os aspirantes deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

1) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 57 do Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro e no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.

Poden acceder ao emprego público como persoal laboral en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:

- As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de devandita idade dependentes.

- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de devandita idade dependentes.

- As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

2) Estar en posesión da titulación de esixida en cada caso para cada praza nos termos sinalados nas Bases Específicas.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

3) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada.

No caso do persoal laboral, non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

4) Ter cumpridos o dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

5) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

6) Posuír coñecemento do idioma galego, que se acreditará mediante o exixido para cada praza nas Bases Específicas.

7) Cumprir, no momento da formalización do contrato laboral temporal, os requisitos esixidos na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Os/As aspirantes que viñeran desempeñando unha actividade pública ou privada, deberán solicitar o recoñecemento de compatibilidade inmediatamente despois de efectuar a formalización do pertinente contrato de traballo temporal.

De non ser compatible a actividade que viñeran desenvolvendo coa relación laboral que comeza no Concello de Chantada, os/as aspirantes seleccionados/as comprométese a renunciar ao correspondente posto/emprego convocado.

8) Os aspirantes que se presenten pola cota de reserva de discapitados deberán ter recoñecida a condición legal de persoa con discapacidade cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.

-PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

Os/As interesados/as dirixirán as solicitudes, no modelo oficial que se publica como Anexo destas bases e que tamén se facilitará nas Oficinas administrativas do Concello de Chantada e na súa páxina Web, ao Sr. Alcalde do Concello de Chantada, requirindo tomar parte nas correspondentes probas de selección, nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais e nas bases específicas para a praza que se opte, ao Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.

A presentación de solicitudes poderá facerse ben no Rexistro Xeral do Concello de Chantada ou ben en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas; as solicitudes que non se presenten no Rexistro Xeral do Concello, e se fagan a través doutros medios sinalados na Lei 39/2015, requíreselle aos aspirantes que o comuniquen mediante fax ao núm. 982.462 102, remitindo copia anexa da solicitude de participación no proceso selectivo.

O prazo de presentación será de 5 días hábiles contados dende o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

A solicitude de participación no proceso selectivo, deberá ser cumprimentada debidamente polos aspirantes.

Se o día en que finalice o prazo de presentación de instancias fose inhábil o prazo rematará o primeiro día hábil seguinte.

-DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACOMPAÑAR NECESARIAMENTE Á SOLICITUDE.**5.1.- COPIA COTEXADA DO DNI OU PASAPORTE.**

Ademais, os/as aspirantes estranxeiros/as, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgúns dos Estados aos cales, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexan de aplicación a libre circulación de traballadores.

5.2.- COPIA COTEXADA DA TITULACIÓN ESIXIDA EN CADA POSTO CONCRETO.**5.3.- COPIA COTEXADA DO TÍTULO DE GALEGO ESIXIDO EN CADA POSTO CONCRETO.**

5.4.- COPIA COTEXADA DO CARNÉ DE CONDUCIR E DECLARACIÓN DE DISOÑIBILIDADE DO MESMO, DE SER NECESARIO.

5.5.- DECLARACIÓN RESPONSABLE SEGUNDO O ANEXO.

5.6.- DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DOS MÉRITOS ALEGADOS (VIDA LABORAL, CONTRATOS, CERTIFICADOS DE EMPRESA, CURSOS..) DEBIDAMENTE COTEXADA.

Deberase acompañar á solicitude, as xustificacións documentais dos méritos que desexen alegar en relación co posto/emprego ao que se opte, mediante:

1. Certificacións de servizos prestados, expedida polo organismo oficial no que se prestaron, informe de vida laboral expedido polo Instituto Nacional da Seguridade Social ao que deberá achegarse contrato/s de traballo inscrito/s no SPEE (Servizo Público de Emprego Estatal).

Non se valorarán os méritos que non estean acreditados documentalmente ou que, a xuízo do Tribunal de selección, non estean suficientemente acreditados.

Os méritos aos que se fai referencia no/s baremo/s incluídos no Anexo deberán posuírse na data de remate do prazo de presentación de instancias, computándose en calquera caso ata a citada data.

5.7.- OS ASPIRANTES CON DISCAPACIDADE DEBERÁN FACELO CONSTAR NA SOLICITUDE, CO FIN DE FACER AS ADAPTACIÓNS DE TEMPO E MEDIOS NECESARIOS, PARA GARANTIR A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES CO RESTO DOS ASPIRANTES.

-TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

Dacordo co establecido no artigo 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, en relación co artigo 60 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e de paridade entre mulleres e homes no conxunto das convocatorias da oferta de emprego público respectiva.

En ningún caso poden formar parte dos órganos de selección o persoal de elección ou de designación política, persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual, nin as persoas que no cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

A composición do Tribunal será predominantemente técnica e os vogais deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores ás esixidas para o acceso ás prazas convocadas; e estará constituído por:

- 1) **Presidente:** Un funcionario ou persoal laboral fixo dunha administración.
- 2) **Secretario:** Un funcionario da Corporación, que actuará con voz pero sen voto.
- 3) **Tres Vogais:** Entre funcionarios ou persoal laboral fixo dunha administración.

Os órganos de selección actúan con plena autonomía no exercicio do seu discrecionalidad técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade das probas e do estrito cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo. As dúbidas ou reclamacións que poidan orixinarse coa interpretación da aplicación das bases da presente convocatoria, así como o que deba facerse nos casos non previstos, serán resoltas polo Tribunal, por maioría.

O tribunal poderá dispor a incorporación, ós seus traballos, de asesores especialistas, quenes se limitarán ó exercizo das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ó señor alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/15, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas.

O/A presidente/a do tribunal poderá requirir ós membros do mesmo, declaración expresa de non atoparse incursos en causa de abstención nas circunstancias previstas nos citados artigos da Lei 40/15. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas no presente parágrafo.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros con dereito a voto, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a presidente/ e do/a secretario/a. O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

O Tribunal de selección constituirase na data que designe o Sr. Alcalde. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo.

A composición do Tribunal de selección publicarase no taboleiro de edictos do Concello de Chantada e na súa páxina web. Esta publicación realizarase cunha antelación mínima de 72 horas á iniciación das devanditas probas.

PAGAMENTO DE ASISTENCIAS E GASTOS DE DESPRAZAMENTO DOS MEMBROS DO TRIBUNAL.

Os membros do Tribunal de selección, así como os asesores ou colaboradores que puideran incorporarse a este, so terán dereito, pola súa concorrencia ás distintas sesións que se produzan en distintos días, a percibir as axudas de custo por asistencia de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sempre e cando exista una proba no proceso de selección.

-SISTEMA DE SELECCIÓN E AVALIACIÓN DE MÉRITOS.

O sistema de selección será o de concurso-oposición, e constará de dúas fases:

A) FASE DE OPOSICIÓN:

A fase de oposición será previa á do concurso.

Consistirá na realización dunha proba teórica ou práctica de carácter obrigatorio e eliminatorio acordos coa praza.

A puntuación total de cada aspirante virá determinada pola suma dos puntos acadados nas dúas fases. No caso de empate nas puntuacións atenderase, en primeiro lugar a quen obtivese mais puntos na fase de oposición, de persistir o empate verificarase na fase de concurso o aspirante que ten maior puntuación debéndose estar ó disposto no artigo 44 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, e de continuar o empate estarase á orde do sorteo fixado pola Resolución de 24 de febreiro de 2016, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, pola que se publica o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento Xeral de Ingreso do Personal ó Servizo da Administración do Estado.

Os aspirantes serán convocados en chamamento único, sendo excluídos da oposición quen non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal.

En calquera momento o Tribunal poderá requirir aos opositores para que acrediten a súa personalidade.

Os candidatos deberán acudir provistos do NIF ou, na súa falta, pasaporte ou carné de conducir.

B) FASE DE CONCURSO.

Esta fase será posterior á de oposición, e, non tendo carácter eliminatorio, os puntos obtidos na mesma non poderán terse en conta para supera-los exercicios da fase de oposición.

De acordo co artigo 56 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia no seu apartado terceiro dispón que a valoración das devanditas condicións de formación, méritos ou niveis de experiencia non supoñerá máis dun corenta por cento da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo.

O Tribunal non poderá avaliar o non alegado e acreditado polos aspirantes nos documentos achegados no momento de presenta-las solicitudes ás probas selectivas.

No concurso avaliaranse os méritos establecidos para cada posto en concreto.

Só aos aspirantes que superen a oposición valoraráselles na fase de concurso os méritos que aleguen e xustifiquen documentalmente.

Para valora-los méritos será necesario que se presenten documentos xustificativos dos mesmos; en ningún caso se terán en conta os méritos que non estean debidamente xustificados.

-PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.

Logo de finalizar o prazo de presentación de instancias, por resolución de Alcaldía aprobarase a lista de admitidos/as e excluídos/as, que se fixará no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Chantada facéndose constar a causa de exclusión e concedéndose un prazo de 2 días hábiles para reclamacións ou corrección de erros para que polos interesados poidanse formular reclamacións ou emendar os defectos que motiven a exclusión (non para alegar novos méritos non alegados até entón).

Finalizado o prazo de reclamacións e emendas, e resoltas as mesmas, a Autoridade ou órgano convocante elevará a definitivas as listas de admitidos e excluídos mediante Resolución que se publicará igualmente no Taboleiro de edictos do Concello e na páxina web do Concello de Chantada. Dita publicación servirá de notificación a efectos de impugnacións e recursos. Finalizado o prazo de reclamacións e emendas, e resoltas as mesmas, a Autoridade ou órgano convocante elevará a definitivas as listas de admitidos e excluídos mediante Resolución que se publicará igualmente no Taboleiro de edictos do Concello e na páxina web do Concello de Chantada. Dita publicación servirá de notificación a efectos de impugnacións e recursos. Na mesma resolución indícarase a data, lugar e hora de comezo do primeiro exercicio, así como a orde de chamamento dos aspirantes.

Todas as notificacións que se realicen respecto ó presente procedemento de selección, levaranse a cabo exclusivamente, de acordo co establecido no art. 45 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas, a través de publicacións no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Chantada.

Concluídas as probas, elevarase ao órgano competente proposta de candidatos para a formalización dos contratos, que en ningún caso poderá exceder do número de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contravenga o anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

O órgano competente procederá á formalización dos contratos previa xustificación das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

-PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

O/A aspirante proposto/a presentará no Rexistro Xeral do Concello de Chantada a seguinte documentación:

-Fotocopia do DNI, que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsión.

-Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.

-Declaración xurada de non ter sido separados/as do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

-Copia autenticada ou fotocopia (que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsión) do título académico esixido ou certificación académica dos estudos realizados.

-Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria.

O prazo de presentación será de 2 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación da proposta de selección no taboleiro de edictos, prazo que non poderá ser obxecto de ampliación en ningún caso.

-BOLSA DE TRABALLO

